



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
05.07.2018

LUGAR: Sala de reunións do Consello de Goberno – Edificio Reitoría - Campus de Vigo
DATA: 05.07.2018
HORA DE COMEZO: 10:35
HORA DE REMATE: 11:15

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D. Daniel Barata Quintas
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Cesar Blanco Gómez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz

NON ASISTEN

D. José Manuel Pérez Canal

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, 5 de xullo de 2018, ás 10:35 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (05.06.2018).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Acordo que proceda para o nomeamento de Xerente da Universidade de Vigo, consonte os termos previstos na lexislación orgánica de universidades, e o artigo 75.4c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Propostas e acordos da Comisión Executiva. (Reunión do 26 de xuño de 2018)

5. Aprobación, se procede, da distribución das 52 Bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.
6. Outros asuntos. Prezos públicos de actividades. Cursos propios: taxas e memorias finais.
7. Rogos e preguntas.

Asisten como invitados o Vicerreitor de Economía, don José María Martín Moreno, e dona Raquel María Souto. O presidente agradece a asistencia e explica a importancia e a perentoriedade da sesión para tratar sobre a proposta de nomeamento da Xerente da Universidade de Vigo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (05.06.2018).

- **Apróbase por asentimento**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia don Ernesto Pedrosa afirmando que "hoxe estreamos expectativas", dando a benvinda ao Reitor, don Manuel Reigosa, e ao Secretario Xeral da Universidade de Vigo, don Miguel Michinel, así como ao Vicerreitor de Economía, don José María Martín Moreno, e a dona Raquel María Souto García. Explica as peculiaridades e as diferentes actividades e casuísticas nas que se moven os Consellos Sociais en España, pero tendo en común o compromiso co entorno: o territorio e as persoas, -"e aí, Reitor, empezamos a encontrarnos".

Cita como especialmente relevantes que tres dos grandes obxectivos do Consello Social teñan un recoñecemento expreso no documento que recolle as competencias delegadas polo Reitor nas vicerreitorías: a integración do programa de maiores na futura Escola de formación continua, o impulso á relación da universidade cos Egresados e a atención específica das actividades propias do Mecenado, -"aquí -sinála don Ernesto Pedrosa- xa non soamente estamos cerca senón que vamos xuntos".

De seguido resume as actividades, iniciativas, estudos, traballos e pretensións do Consello Social en catro grandes áreas: alumnado, mecenado, acción social e comunicación. Conclúe que se



trata de crear unha gran rede de intereses compartidos para a que a universidade apuntale a súa cimentación “co material de máis alta resistencia coñecido, que é o que fragua co afecto”.

Apunta como tarefa a necesidade de atender á sociedade sénior que irrompe con forza na busca de coñecemento, e estar atentos aos efectos que terá a involución demográfica nas aulas, nos modelos de ensinanza e nos novos escenarios educativos, aspectos fronte aos que considera claves as propostas do novo equipo de goberno para internacionalizar a oferta e virtualizar as titulacións ben a distancia ou semipresencial.

Avoga finalmente por unha universidade fiel aos seus acenos de identidade, sensible ante as demandas sociais, valente na adopción de políticas innovadoras, e prudente e eficiente na Xestión económica –“que siga democratizando o acceso á educación superior e a igualdade de oportunidade, e que favoreza o desenvolvemento económico co fin último do benestar social”.

O presidente remata acreditando a “serea resistencia” do Consello Social durante estes anos “nos que se moveu con luces largas, marchas cortas e conducción deportiva, porque a estrada da educación está chea de tráfico pesado e sinalizacións a miúdo contraditorias”. Deséxalle ao Reitor e ao seu equipo os maiores acertos, declarando que o Consello Social será sempre “un aliado leal e un observador atento”.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Agradece don Manuel Reigosa a asistencia dos presentes dada a prása coa que se fixo a convocatoria, e declara a súa aliñación co dito “polo noso presidente, porque recolle o que nos queremos facer ca universidade”. Afirmo o Reitor que “sei que podemos contar co Consello Social, e que estamos ben representados por el cada vez que participa nunha actividade”.

A partir da interrogante de porqué un estudante debe escoller a Universidade de Vigo e non outra, o Reitor reflexiona sobre o valor da proximidade, das portas abertas e de sentirse plenamente integrados na comunidade. “Queremos seguir sendo excelentes e colocar a UVigo entre as 500 mellores do mundo”, engade, –“somos unha boa universidade e non estamos lonxe de estar no primeiro nivel”. Repasa os retos principais, entre os que menciona a captación de alumnado, internacionalizar, virtualizar, a aposta pola formación semipresencial ou a distancia e manter a proximidade co mundo empresarial. Finalmente pide axuda ao Consello Social para salvar o que considera a materia pendente de comunicar máis e mellor.

“Quédome co cariño das persoas e co que encontro no Consello Social”, remata don Manuel Reigosa.

PUNTO 4

Acordo que proceda para o nomeamento de Xerente da Universidade de Vigo, consonte os termos previstos na lexislación orgánica de universidades, e o artigo 75.4c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Introduce este punto o presidente para explicar as competencias e o procedemento a seguir, ao abeiro da normativa emanada da LOU respecto á persoa que se ocupe da Xerencia. O Reitor razoa as calidades básicas que se buscaban para o posto, e que resume en capacidade técnica e capacidade de negociar. Valora as competencias, o perfil e a traxectoria que avalan completamente á candidata elixida, dona Raquel M. Souto.

Complementa a intervención facendo un recoñecemento e declarándose satisfeito do traballo dos últimos equipos de goberno e das contas presentadas os últimos anos, “pero queremos negociar máis”. Finalmente propón ao Pleno a ratificación da proposta de nomeamento.

- **O Pleno dá a súa conformidade**



PUNTO 5

Aprobación, se procede, da distribución das 52 Bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.

Don Ernesto Pedrosa remítese á documentación enviada aos membros, na que se amosan as solicitudes, a distribución das bolsas, os criterios empregados e diferentes indicadores comparados dos últimos anos.

- **O Pleno dá a aprobación**

PUNTO 6

Outros asuntos. Prezos públicos de actividades. Cursos propios: taxas e memorias finais.

Á vista da documentación que resume os acordos adoptados durante a reunión da Comisión.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 7

Rogos e preguntas.

O presidente anuncia a celebración dun próximo Pleno o día 26 de xullo, e abre unha quenda de intervencións que principia don Ernesto Vázquez-Rey para desexarlle sorte ao Reitor e despedirse con agradecemento, despois de dous anos representando aos alumnos no Consello Social "no que fixen a miña achega ca maior das responsabilidades".

Don Carlos Mollinedo felicita á Xerente, da que salienta a responsabilidade que asume e á que desexa un "bo e longo futuro" na universidade.

Dona Raquel M. Souto pide a palabra para agradecer ao Reitor e ao Consello Social a confianza que recibe. Manifesta que afronta esta responsabilidade con ilusión e plenamente comprometida con facilitar "o diálogo e a negociación".

Don Javier Garrido da a benvida ao Reitor e ao seu equipo, e traslada á nova etapa que comeza o apoio dado ao equipo saínte.

Don Manuel González da a benvida ao Reitor e solicita que, nesta nova etapa e dende algunha instancia universitaria se teña en conta e se aborde o problema demográfico, con ideas e proxectos que axuden a frear o despoboamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:15 horas do 5 de xullo de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias